

TURISMO ▶▶ Te suena un sitio chamado Illa de Ons

Vivir Verano

Os clowns despídense ata o ano que vén

Os 'correfocs' iniciaban o sábado unha das últimas actividades do Festival Internacional de Clown de Galicia que se clausurou oficialmente onte cunha homenaxe a Carlo Colombaioni. Hoxe, toca balance dende o Concello

HOMENAXE ▶▶

Agradecidos ó mestre dos pallasos

O Festiclown 2002 anunciaba unha homenaxe para rematar este ano. O protagonista, Carlo Colombaioni, un deses pallasos que dedicou toda a súa vida a facer rir ós demais. O italiano é un vello coñecido dos pontevedreses. Xa participara no Festiclown 2001 e se encargou de impartir un curso de técnicas de interpretación. Colombaioni é tamén o director da produción que este ano serviu para presentar o Festiclown por toda Galicia, 'Manicomio só para clowns'. Os encargados de poñela en escena foron os compoñentes do grupo 'Os sete magníficos máis un'.

Na gala de clausura do festival, que se celebrou no Teatro Principal de Pontevedra, participaron artistas como Pepe Viyuela e Loco Brusca. Tamén estaban 'Os sete magníficos máis un' que axudaron a renderlle tributo ó autor de 'Manicomio só para clowns', considerado (según din dende a organización do Festiclown) "o mellor clown do mundo". Este espectáculo recupera algunhas das técnicas máis arraigadas nas tradicionais farsas da súa saga familiar.

Dende o xornal do Festiclown, Colombaioni afirmaba que o único que debe facer un clown na sociedade actual é "ter paciencia para ve-lo xornal, a televisión, observar ós políticos que son os maiores comediantes do mundo, unha verdadeira escola de clown". Na entrevista que o director do Festiclown lle facía a este pallaso para o seu xornal, Colombaioni remataba dicindo: "sería un pecado que este festival non fora a máis porque é unha das cousas boas que ten este



TEXTO: BELÉN LÓPEZ
FOTOS: MIGUEL VIDAL

Pontevedra ♦ Acabouse. O Festival Internacional de Galicia, o Festiclown, celebrou onte a súa gala de clausura no Teatro Principal. Trátase dunha homenaxe a Carlo Colombaioni no que participaron, entre outros, o grupo 'Os sete magníficos máis un' e os cómicos Pepe Viyuela e Loco Brusca. Como non podía ser doutra maneira, o festival despedíase cun sorriso. Pero onte houbo máis cousas. O de Colombaioni só foi a guinda que coronou o pastel. As actividades de Formaclown remataron e os alumnos dos distintos cursos tomaron as rúas para celebralo (que xa o fixeran durante toda a semana). Á mediodía celebrouse o certame de exterior do

Hai que render contas

Como se fixo nas outras dúas edicións, unha vez rematado o Festiclown, comparecen ante os medios de comunicación o seu director, Iván Prado, e o concelleiro de Cultura de Pontevedra, Luís Bará, para facer público un balance de todo o que se fixo no Festival. Visto o visto, é bastante sinxelo avanzar que foi todo un éxito de participación.

festival na praza do Teucro. Estaba pendente dende que se rematara o certame de interior o mércores. Á hora do tapeo, Loco Brusca animou ás rúas da zona vella co seu espectáculo 'Capitán Mierden' que tiña como centro de operacións a praza do Teucro. Pola tarde, herdou a rúa como escenario Nanny Cogorno que, como ó longo de toda a se-

mana, fixo rir a todos os que con el se tropeaban. Pero aínda falta mencionar unha cousa, un dos espectáculos que maior expectación creou entre o público e que se produciu na madrugada do sábado ó domingo. Os 'correfocs' deleitaron co seu espectáculo de lume ós pontevedreses dende o Teatro Principal ata a praza

do Teucro. Vestidos como diaños, armados con fachos e con petardos, volveron a armala tal e como fixeran o ano pasado. Tras eles, unha auténtica multitude que seguía os seus movementos con atención e non se despegaba do cheiro a queimado. A percusión animaba os movementos do grupo que veu dende o Levante a demostrar por qué adoran alí o lume. Entre os 'correfocs' corría tamén un dragón. O espectáculo foi breve pero repetiu o éxito do ano anterior senón o incrementou. Trala tolema nocturna, onte chegaron as despedidas. Hoxe, momento de balance dende o Concello e, despois, a traballar xa na edición do ano que vén. Pontevedra semella vacía sen os clowns. Dentro de doce meses volven. Paciencia.